

BASES, TERMOS E CONDICIÓN
DE SORTEO DE NADAL EN FACEBOOK ‘SELECCIÓN DE LIBROS
PREMIADOS 2022’

1. ENTIDADE ORGANIZADORA

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia (en diante, “Cultura de Galicia”), con enderezo en San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela, organiza un sorteo na súa conta oficial na plataforma social Facebook.

O concurso desenvolverase con suxeición aos termos e condicións detallados nas bases.

2. DESVINCULACIÓN RESPECTO DE FACEBOOK

A plataforma social Facebook non patrocina, avala nin administra de ningún xeito este sorteo, nin está asociada a ela. Mediante a aceptación das bases, os participantes desvinculan a esta plataforma de calquera reclamación que puidesen expor durante o desenvolvemento do sorteo e aceptan que é unha plataformas totalmente independente da mesma.

A información que proporcione o usuario utilizarase para xestionar a súa participación como concursante e comunicar o premio cando corresponda.

3. DURACIÓN E ÁMBITO TERRITORIAL

O sorteo terá lugar na conta oficial de Cultura de Galicia en Facebook desde a publicación do primeiro post do sorteo o día 3 de xaneiro de 2023 ata as 21:00 pm (hora peninsular) do día 8 de xaneiro de 2023.

O sorteo é válido só en territorio español.

4. REQUISITOS E EXCLUSIÓNS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO

Poderán participar neste sorteo (no sucesivo, o/os “Participante/es”):

1. As persoas físicas;
2. Maiores de 18 anos, á data de peche do sorteo;
3. Con residencia legal en España;
4. Que teñan un perfil de usuario real activo, non sendo en ningún caso válidas as nomeadas “contas concurso”; e
5. Que sexan seguidores da conta oficial de Cultura de Galicia en Facebook. Este requisito poderá comprobarse polos medios que a mencionada plataforma social facilite e, no caso de que por axustes de privacidade ou da propia plataforma non poida comprobarse, darase por válido.

5. MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Para participar no sorteo, ademais de cumprir cos requisitos recollidos na anterior base 4, cada un dos Participantes terá que deixar un comentario na publicación do sorteo.

Non estarán permitidas as publicacións cuxo contido se considere inadecuado, que sexa ofensivo, injurioso, ameazante, discriminatorio ou que, dalgunha maneira, puidese vulnerar dereitos de terceiros (especialmente en relación cos

dereitos ao honor, intimidade e propia imaxe), reservándose Cultura de Galicia o dereito a descualificar os Participantes que as emitan e de denunciar os referidos contidos.

As participacións recibidas fóra do referido prazo serán consideradas como non válidas por parte da entidade organizadora. Para os efectos de verificar que se realizou en prazo, tomarase como referencia a data e hora de realización da publicación.

6. PREMIOS

O premio consistirá nun (1) lote composto por unha selección de libros galardoados en distintos premios literarios do último ano.

O premio deste sorteo en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación económica ou cesión a petición do gañador. Non obstante o anterior, en caso de concorreren circunstancias extraordinarias a xuízo da Entidade Organizadora, esta resérvase a facultade de substituír o premio do sorteo por outro de similares características e igual ou superior valor ao aquí establecido.

Así mesmo, queda prohibida a venda ou comercialización do premio polo gañador.

7. DETERMINACIÓN DOS GAÑADORES, COMUNICACIÓN E ENTREGA DO PREMIO

O sorteo levarase a cabo baixo a modalidade de sorteo gratuíto, de conformidade co establecido nestas bases. Entre todos os participantes do sorteo o 9 de xaneiro de 2023 realizarase un sorteo aleatorio mediante unha aplicación externa automática que seleccionará un (1) gañador.

Se, por causas alleas á Entidade Organizadora, non puidese celebrarse o sorteo na data prevista, este suspenderase e pasará a celebrarse o día hábil inmediatamente posterior, unha vez arranxado o problema que impedise a realización do sorteo.

Así mesmo, se unha vez comezado o proceso do sorteo, este se interrompese por razón técnicas ou causas alleas á vontade da Entidade Organizadora, repetirase dende o principio, anulando todas as actuacións desenvolvidas ata o momento da súa interrupción, incluída a adxudicación dos premios que se producisen.

A comunicación do gañador realizarase o 9 de xaneiro mediante un ou varios destes métodos, a elección de Cultura de Galicia:

- A publicación do nome dos gañadores na páxina web de Cultura de Galicia, cuxa ligazón poderase compartir nas súas contas oficiais de Instagram, Twitter e/ou Facebook.
- Unha mensaxe directa, pública ou privada.
- Un comentario no post de concurso.

Unha vez realizada a comunicación nos termos descritos, os gañadores terán de prazo ata as 23:59 p.m. (hora peninsular) do día 9 de febreiro de 2023 para reclamar o premio, a cuxos efectos deberán enviar un correo electrónico ao enderezo redes.cultura@xunta.gal, no que terán que indicar:

1. A confirmación de aceptación do premio;
2. Os seus datos persoais (nome e apelidos), datos de contacto (enderezo de correo electrónico e teléfono) e fotocopia do seu DNI en vigor; e
3. O enderezo onde se queira recoller o premio.

Unha vez recibidos por Cultura de Galicia os datos solicitados no parágrafo anterior, esta poderá requirir aos gañadores, adicionalmente e naqueles supostos que estime oportunos, a confirmación da titularidade das súas contas de Facebook.

No caso de non reclamación en prazo e forma, renuncia, imposibilidade de localización ou cando o gañador non cumpra cos requisitos recollidos nestas bases, o premio quedará deserto. A renuncia ao premio non dará ningún dereito de indemnización ou compensación a favor do gañador.

O gañador dispoñerá dun prazo máximo de trinta (30) días naturais para recoller o premio, contados desde o momento en que o reclamen, transcorrido o cal perderá o seu dereito ao mesmo.

Para a entrega do premio será condición indispensable a exhibición por parte

do gañador da documentación acreditativa da súa identidade en vigor. A negativa a proporcionar a devandita documentación levará á perda do dereito a percibir o premio.

Unha vez realizada a entrega do premio nos termos indicados, entenderanse cumpridas por Cultura de Galicia todas as obrigacións asumidas con motivo do presente sorteo, renunciando o gañador a calquera reclamación posterior.

O gañador do sorteo comprométese a subir unha (1) fotografía de gozar do premio á súa conta de Facebook mencionando o perfil oficial de Cultura de Galicia. Para estes efectos, o gañador garante a Cultura de Galicia que será o único e lexítimo autor da fotografía que suba e que a publicación desta non vulnerará ningún dereito de terceiros, incluídos os dereitos de propiedade intelectual, industrial e á propia imaxe.

8. UTILIZACIÓN DO NOME DOS GAÑADORES E COMUNICACIÓNS RELACIONADAS CON ESTE SORTEO

O gañador do sorteo consente expresamente que Cultura de Galicia poida utilizar o seu nome e apelidos e/ou nome de usuario en Facebook en calquera actividade publicitaria, promocional ou de “márketing” relacionada con este sorteo en calquera medio, sen que as devanditas actividades lle confiran dereito de remuneración ou beneficio ningún, excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases.

9. RESPONSABILIDADE

Cultura de Galicia resérvase o dereito para modificar, en calquera momento, as condicións deste sorteo cando concorra causa xustificada ou motivos de forza maior, sen asumir ningunha responsabilidade por esta modificación, comprometéndose a comunicar as novas condicións de participación na mesma forma e medios que os utilizados para as bases.

Cultura de Galicia resérvase o dereito de non admitir ou excluír os participantes ou os gañadores deste sorteo, que facilitasen datos falsos, erróneos, inexactos ou que incumpran o establecido nas bases, quedando eximida de calquera responsabilidade no caso de que os devanditos erros ou falsidades impidan a identificación dos gañadores do premio.

Cultura de Galicia exclúe calquera responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento dos servizos mediante os que se participa no sorteo e, en particular, aínda que non de modo exclusivo, os fallos de acceso a Facebook e erro de calquera mensaxe de correo electrónico destinado a Cultura de Galicia.

Cultura de Galicia non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou aos propios gañadores, que poidan afectar o desenvolvemento xeral deste sorteo ou ao premio.

Así mesmo, Cultura de Galicia non se responsabiliza do uso indebido do premio realizado polo gañador.

Cultura de Galicia non se responsabiliza polos servizos que, no seu caso, terceiras empresas deban prestar con ocasión deste sorteo.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple participación neste sorteo implica a aceptación incondicional das bases, a suxeición á normativa fiscal que, no seu caso, resulte de obrigatoria aplicación, así como a submisión expresa ás decisións interpretativas que das devanditas bases realice Cultura de Galicia en canto á resolución de calquera cuestión derivada do sorteo.

A manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte destas bases implicará a exclusión inmediata do participante e, en consecuencia, Cultura de Galicia quedará liberada do cumprimento de calquera das obrigacións contraídas co devandito participante con motivo deste sorteo.

As bases do sorteo están suxeitas a posibles cambios que poidan xurdir por motivos alleos á vontade da Entidade organizadora, erratas ou causas de forza maior.

11. CONTACTO

Se tes calquera dúbida en relación co sorteo, escríbenos un correo electrónico ao seguinte enderezo: redes.cultura@xunta.gal,.